

Resolución do 25 de febreiro de 2008, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión do posto de xefe de Sección de Oftalmoloxía.

Convocada por Resolución Nº AC-02/2007, do 10 de abril de 2007 (DOG nº 118, do 20 de xuño), a provisión do posto de xefe de Sección de Oftalmoloxía, polo sistema de avaliación colexiada, esta Dirección da Área Sanitaria, de conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como no artigo 3 da Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de xefe de Sección de Oftalmoloxía, realizada mediante Resolución nº AC-02/2007, do 10 de abril de 2007 (DOG nº 118, do 20 de xuño).

Segundo.-Nomear, para o posto que se indica, á persoa relacionada no anexo a esta resolución.

Terceiro.-O réxime de cesamento na praza de orixe e de toma de posesión da praza adxudicada será o establecido no artigo 26 da Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de súa publicación.

Ferrol, 25 de febreiro de 2008

José Ramón García López
Director da Área Sanitaria de Ferrol

ANEXO

Posto de traballo: xefe de Sección de Oftalmoloxía.
Nome e apelidos: María Dolores Álvarez Díaz.
DNI: 10832779-D.

Resolución do 26 de febreiro de 2008, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión de diversos postos de persoal licenciado sanitario (xefaturas de servizo e unidade de atención primaria).

De conformidade co establecido no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, o director xerente da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de libre designación, diversos postos de persoal licenciado sanitario (xefaturas de servizo e unidade de atención primaria).

Segundo.-As retribucións dos postos ofertados serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse, preferentemente, no Rexistro de Entrada da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, sito na avda. de Vigo, nº 16, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-As bases íntegras da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Pontevedra, 26 de febreiro de 2008.

Antonio Ángel Regueiro Martínez
Director xerente da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra

Resolución do 7 de marzo de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.

O punto 5 da base sexta B) das resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 19 e 22 de decembro de 2006 (DOG nº 246 e 247, do 26 e 27 de decembro) polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de

persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, publicárase esta no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por puntos, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, polo tanto este centro directivo,

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes das categorías de anatomía patolóxica, anxioloxía e cirurxía vascular, cirurxía cardiovascular, cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, cirurxía xeral e aparello dixestivo, dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía, endocrinoloxía e nutrición, farmacéutico de atención primaria, farmacia hospitalaria, inmunoloxía, microbioloxía e parasitoloxía, nefroloxía, neurocirurxía, neuroloxía, oncoloxía médica, oncoloxía radioterápica, pediatria de atención primaria, pediatria e as súas áreas específicas, radiodiagnóstico, radiofísica hospitalaria, reumatoloxía, traumatoloxía e cirurxía ortopédica, de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web www.sergas.e, relativas á baremación provisional da fase de concurso, nas distintas epígrafes e a valoración total, indicando ademais, se é o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non achegar a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para que os interesados poidan presentar, se é o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e
Desenvolvemento Profesional

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 20 de febreiro de 2008 pola que se fai pública a adxudicación para a provisión, polo sistema de libre designación, de tres prazas de secretario de vicerreitor desta universidade.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar no concurso de méritos convocado

por Resolución do 15 de xaneiro de 2008 (DOG do 29 de xaneiro) para a provisión, polo sistema de libre designación, de prazas de secretario de vicerreitor desta universidade,

Esta reitoría, no uso das atribucións conferidas polo artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), resolve facer pública a adxudicación dos referidos postos do xeito que se indica no anexo.

Os interesados deberán tomar posesión no prazo sinalado no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo (DOG do 25 de marzo).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados a partir da publicación desta resolución, de acordo co previsto na Lei reguladora de dita xurisdición.

A Coruña, 20 de febreiro de 2008.

José María Barja Pérez
Reitor da Universidade da Coruña

ANEXO

Nº de posto	Denominación	Centro	Apelidos e nome	Nº de rexistro persoal
F134	Secretario vicerreitor	Vicerreitor Extensión Universitaria e Comunicación	Leis Fraga, Juan	3329760224 A7495
F230	Secretario vicerreitor	Vicerreitor Extensión Organización Académica	Miras Mouro, Marisol	3277405013 A7495
F115	Secretario vicerreitor	Vicerreitor Extensión de Estudiantes	Miramontes Villar, M. Esther	3489118246 A7495

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

Edicto do 8 de febreiro de 2008, da Delegación Provincial de Pontevedra, polo que se notifican as resolucións ditadas sobre as prestacións económicas de carácter periódico, competencia da Vicepresidencia, que se relacionan.

No uso da competencia que atribúe á Delegación Provincial de Pontevedra a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social (DOG nº 191, do 3 de outubro de 1991), modificada parcialmente pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro (DOG nº 36, do 22 de febreiro), e pola Lei 16/2004, do 29 de decembro (DOG nº 254, do 31 de decembro), e en virtude do disposto nos artigos 59.4º e 61 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro) que modifica parcialmente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico